



Teaching Guide

Identifying Data					2021/22
Subject (*)	Literary Research Methods	Code	613G01042		
Study programme	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Fourth	Optional	4.5	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Tato Garcia, Cleofe	E-mail	cleofe.tato@udc.es		
Lecturers	Caparros Esperante, Luis Tato Garcia, Cleofe	E-mail	luis.caparros@udc.es cleofe.tato@udc.es		
Web					
General description	Preparación para a investigación literaria.				
Contingency plan	1. Modifications to the contents 2. Methodologies *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.



B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecer as características e as dificultades do labor de investigación	A1 A3 A5 A8 A9 A15 A16 A17		
Ser capaz de buscar información sobre un tema literario e avaliar a posibilidade de elaborar desde aí un proxecto de investigación	A1 A2 A14 A15 A16 A17 A18 A22	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10	C1 C6 C8
Manexar de forma efectiva as fontes bibliográficas convencionais e tamén coñecer ferramentas e recursos de internet	A8 A11	B1 B2 B3 B5 B6 B10	C6
Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante expoña os avances dun traballo de investigación, unha reflexión crítica sobre un determinado tema, presente un estado da cuestión dun tema...	A2 A11 A14 A15 A17	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B10	C3 C8

Contents	
Topic	Sub-topic



1. Bases da investigación literaria	Consideracións previas Especialización Fundamentos Finalidade e obxectivos da investigación Aportación e novidade Honestidade intelectual Difusión
2. O estudo literario dos textos	Disciplinas literarias e non literarias Sistema e metodoloxía Periodización Corpus
4. A edición e anotación de textos	Tipos de edición A crítica textual: un achegamento Fases da edición As fontes primarias: a súa importancia
3. Recursos para a investigación literaria	Fontes de información Bibliotecas e bibliografía Documentos e arquivos Bases de datos e recursos en internet
5. A elaboración do traballo de investigación	Os datos e o seu almacenamento A estrutura do traballo e as súas partes A redacción do texto: a súa importancia Os suplementos Os índices

Planning

Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A1 A3 A16 B1 B2 B5 B7 C1 C6 C8	14.5	18	32.5
Workshop	A1 A2 A3 A8 A11 A15 A22 B1 B2 B6 B7 C1	15	19	34
Events academic / information	A2 A9 A11 A16 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C3	2	3	5
Supervised projects	A1 A2 A11 A14 A16 A17 B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3	0	30	30
Introductory activities	B10 C1	0.5	0	0.5
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A5 A9 A11 A14 A17 A18 B6 B10 C1 C3	2	6	8
Personalized attention		2.5	0	2.5

(*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies

Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente no profesorado, que tratará de achegar ao estudante aos principios, á metodoloxía e ás características propias da investigación literaria. Para que o alumnado se implique nestas sesións procurarase a súa intervención (preguntas-respostas, interpelacións...).



Workshop	Combinación de diversas metodoloxías y probas (prácticas guiadas, exposicións, discusións dirixidas, exercicios de comentario, manexo de fontes instrumentais, etc.) a través das que o alumnado se familiariza con distintas técnicas e recursos de investigación, así como con algunhas fontes instrumentais básicas, sempre co apoio e supervisión dos docentes. Nalgún caso, pode solicitarse que revise algunha lectura ou leve a cabo algún exercicio ou tarefa na casa para desenvolve-la posteriormente na aula. Unha ou máis desas tarefas poderá(n) ser recollida(s) polo profesorado para a súa avaliación
Events academic / information	Aproveitaráanse os recursos e medios dispoñibles. Así, os alumnos poderán visitar o Arquivo do Reino de Galicia e aproximarse, de xeito directo e práctico, á materialidade do libro e ao funcionamento dun arquivo. No caso de que a visita non puidese levarse a cabo, reemplazaráse esta actividade por outra (visionado dalgún documental, audición dalgunha entrevista ou conferencia de interese accesible en internet...).
Supervised projects	Cada estudante deberá preparar un breve traballo sobre algún aspecto do programa que o profesorado lle asignará seguindo as pautas que no seu momento se establezan para a súa presentación. Na primeira fase, o alumno preparará un breve guion que debe discutir cos docentes (despois debe aterse e el para a súa realización).
Introductory activities	Análise do coñecemento previo que o estudantado ten do labor de investigación no eido literario. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa
Mixed objective/subjective test	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba adicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo referidos ao programa, fundamentalmente en relación co traballo tutelado e coas tarefas entregadas, a modo de control da autoría deses materiais. Requerirase, ademais, que acade un nivel de expresión acorde co dun grao universitario.

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects Mixed objective/subjective test Workshop Events academic / information	O estudantado poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada dos profesores, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións adicadas ao obradoiro. No obstante, as titorías nunca poden ser instrumento para suplir as explicacións que o alumnado non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente. No que atinxe á realización do traballo, deberá presentar na primeira fase o guion; despois é recomendable que consulte as dúbidas ou problemas que se lle plantexen no proceso de elaboración.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Supervised projects	A1 A2 A11 A14 A16 A17 B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3	Os alumnos prepararán un traballo de iniciación á investigación sobre algún tema literario dos que o profesorado propoña. Valorarase a aportación do estudante, a organización das ideas, a orixinalidade, a fundamentación científica... Tamén serán tidas en conta as cuestións formais (presentación, expresión, sistema de citas, referencias bibliográficas...).	45
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A5 A9 A11 A14 A17 A18 B6 B10 C1 C3	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará que acadou os coñecementos e competencias previstas, así como que é quen realizou o traballo tutelado (a modo de demostración da autoría). Unha parte do exercicio versará sobre o traballo e servirá para verificar a súa autoría. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión correcta.	25
Workshop	A1 A2 A3 A8 A11 A15 A22 B1 B2 B6 B7 C1	Valorarase a participación nas aulas, así como os exercicios e actividades que o alumno leve a cabo nas distintas sesións, atendendo á súa capacidade crítica e ás súas achegas.	15



Events academic / information	A2 A9 A11 A16 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C3	Está previsto que os estudantes asistan a un evento divulgativo ou científico. Programarase unha visita guiada ao Arquivo do Reino de Galicia, onde deberán seguir as explicacións que se lles faciliten co obxectivo de presentar por escrito un texto no que dean conta dos aspectos principais sobre os que se lles ten informado e, especialmente, daqueles que garden relación co tratado nas sesións maxistras e nos obradoiros. Deberán presentar un resumo completo e cabal da exposición no que demostren non só que asistiron á visita senon que foron quen de seguila de maneira comprensiva. No caso en que non se poda levar a cabo esta actividade, reemplazarase por outra (resumo dun audio sobre algún aspecto da materia, visionado dun vídeo)	15
-------------------------------	--	---	----

Assessment comments

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase media entre as distintas partes cando o estudante acade un 4 no traballo tutelado e na proba mixta. Só se aceptarán os traballos e actividades realizadas cando se entreguen nas datas previstas, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mixta (40%) e o traballo (60%); debe poñerse en contacto coa docente ao inicio do curso para establecer con precisión o mecanismo de seguimento da súa actividade (especialmente para a fixación das datas da entrega do traballo e da realización da proba mixta). O sistema de avaliación será o mesmo para as persoas que participen na convocatoria adiantada de decembro. Considerase como ?non presentado? o alumno que non entregue o traballo tutelado ou non realice proba mixta. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes, xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro) nin o Evento. Así, a valoración estará composta polo 60% do traballo e o 40% da "Proba mixta". A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (non só se tomará en conta, por tanto, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control dos profesores, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Alcina Franch, J. (1994). Aprender a investigar: métodos de trabajo para la redacción de tesis doctorales.. Madrid: Compañía Literaria. - Blecua, Alberto. (1983). Manual de crítica textual.. Madrid: Castalia. - Díez Borque, J. M., coord. (1985). Métodos de estudio de la obra literaria.. Madrid: Taurus. - Eco, Umberto. (2001 (1977)). Cómo se hace una tesis: técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura.. Barcelona: Gedisa. - Gaskell, Philip. (1999). Nueva introducción a la bibliografía material.. Gijón: Ediciones Trea. - Jauralde Pou, Pablo. (1981). Manual de investigación literaria (Guía bibliográfica para el estudio de la literatura española).. Madrid: Gredos. - Martínez de Sousa, José (2012). Manual de estilo de la lengua española. Gijón: Trea - Montaner Frutos, A. (1999). Prontuario de bibliografía (Pautas para la realización de descripciones, citas y repertorios).. Gijón: Ediciones Trea. - Paun de García, Susan. (2004). Manual práctico de investigación literaria. Cómo preparar informes, trabajos de investigación, tesis y tesinas.. Madrid: Castalia. - Rodríguez Fer, Claudio. (1998). Guía de investigación literaria.. Gijón: Júcar. <p>Durante o curso e a medida que se vaian desenvolvendo os temas, os profesores proporcionarán outras referencias bibliográficas.</p>
Complementary	Será proporcionada nas aulas e/ou a través do Campus Virtual; asemade, o profesorado pode, nalgúns casos, facilitarlles materiais sobre o explicado a través do Campus Virtual.

Recommendations



Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario de 4ª de Grao é requisito; recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou de outro tipo) que os subsanen, prestando especial atención aos erros cometidos ao longo do curso para no repetilos na proba mista.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.